



Uns 30.000 rapaces e rapazas de 200 centros educativos de toda Galicia participarán mañá nun recitado colectivo en defensa da lingua como homenaxe a Celso Emilio Ferreiro

*Mañá mércores, 12 do 12 ás 12 da mañá, celebrarase en multitude de centros educativos o evento **Recitando Celso Emilio**, organizado pola Coordinadora Galega de Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística.*

*A actividade consiste no recitado público e colectivo do poema **Deitado fronte ao mar**, na mobilización a través das redes sociais do hashtag **#recitandocelsoemilio** e na elaboración de vídeos, performances, murais e outros materiais ao redor deste poema.*

Ao cumprirse o centenario do nacemento do poeta celanovés **Celso Emilio Ferreiro**, unha das voces fundamentais da literatura galega da segunda metade do século XX, desde a **Coordinadora Galega de Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística (CGENDL)** réndeselle homenaxe pública cunha acción de carácter colectivo que transmite toda a forza e a enerxía da súa palabra, símbolo permanente de valores de solidariedade e xustiza universais, pero tamén de compromiso cívico coa cultura e lingua de Galicia.

A actividade, que se desenvolverá mañá **mércores doce de decembro, ás doce horas**, consta de tres accións simultáneas e complementarias:

- Un acto colectivo de **recitado público simultáneo** do poema **Deitado fronte ao mar**, de Celso Emilio Ferreiro, publicado inicialmente no libro *Longa noite de pedra* (1962).
- Un envío masivo a través das redes sociais do lema **#recitandocelsoemilio**, acompañado do texto do poema **Deitado fronte ao mar** e de lemas a prol do uso e a promoción do idioma.
- Elaboración de vídeos, debuxos, murais e outros materiais a partir deste poema.

A actividade central da iniciativa **Recitando Celso Emilio** vaise desenvolver de modo simultáneo en 200 centros escolares de toda Galicia, e está previsto que nela participen en torno aos 30.000 alumnos e alumnas, ademais dun número moi significativo de colectivos vencellados á comunidade educativa. Así mesmo, a actividade está aberta á participación doutras entidades e colectivos, como concellos, asociacións culturais, bibliotecas e clubs de lectura.

O obxectivo central deste acto é manter viva a memoria dun dos grandes poetas galegos do século XX a través da posta en valor dun dos seus poemas máis emblemáticos, cuxa temática é unha mostra do orgullo pola nosa lingua que desde a CGENDL queremos promover. Pódese atopar máis información en <http://coordinadoraendl.org/recitandocelsoemilio/celso.php>.